

Historia da Festa do marisco

Desde 1963 celébrase, ao chegar o mes de outubro, a Festa do Marisco neste municipio das Rías Baixas galegas. Este evento gastronómico-cultural pon de relevo os piares básicos da economía desta vila costeira: o turismo e a pesca. Ambos conxugados fan posible que esta festa de promoción cultural siga adiante.

O obxectivo inicial desta celebración era exaltar o marisco das nosas costas e, tras varias edicións do certame, O Grove alcanzou o sobrenome de “Paraíso do Marisco” que aínda hoxe ten a gala e o distingue doutros municipios.

Iniciada a década dos 80 a dimensión destes festexos chega a cotas tales que fan pensar na ampliación do número de días que durarán as seguintes edicións. Isto carrea tamén o incremento de actividades folclóricas, culturais e formativas que xiran en torno á Festa do Marisco do Grove.

Durante os días nos que discorre a festa ábrense postos de venda de mariscos e peixes a prezos populares. No marco destas festas resáltanse, dedicándolles unha xornada en particular, dous produtos estrela desta zona: o mexillón de batea e o rodaballo de acuicultura. Outros dos manxares que se poden degustar son a nécora e o camarón, ou a cigala, ostra, vieira, ameixa, percebe...; en fin todos os produtos que se extraen do mar de Arousa.

Cada ano faise un concurso de pratos condimentados con mexillón, ten lugar na lonxa de contratación, alí ponse de relevo a innegable presenza na nosa gastronomía deste típico produto da ría de Arousa.

Son numerosas as actividades complementarias que se levan a cabo no transcurso deste evento. Destaca o Simposio Internacional de Escultura ao Aire Libre que vai xa pola súa décimo oitava edición e que cada vez goza de maior fama e prestixio. As obras, que se realizan por cinco escultores chegados de distintos países, son de tema libre, pero sempre, como punto de partida atopamos o granito galego en calquera das súas variedades.

Entre a oferta cultural é de mencionar a mostra de folclore galaico-portugués que anima estas xornadas con música e bailes típicos. Pouco a pouco fóronse consolidando concursos relacionados coa festa, como o de pintura infantil, ou os torneos de xadrez.

O deporte tamén ten un lugar nestes días onde se lles dá cabida á carreira e aos xogos populares como a chave, a petanca ou a cucaña, entre outros.

Cursos, seminarios e conferencias de carácter científico-comercial como o Foro de Recursos Mariños e da Acuicultura das Rías Galegas é outro dos puntos fortes. Neles danse cita profesionais de varios sectores no ámbito dos recursos mariños.

É obvio que a Festa do Marisco do Grove é un dos mellores escaparates dos produtos das rías galegas, como o demostran os máis de 200.000 visitantes que acudiron ao Grove na pasada edición. Podemos afirmar que se recibiron visitas de todas as provincias da península Ibérica e que incluso chegan xentes de lugares como Alemaña, Inglaterra, Bélxica, Francia, Italia e Corea, entre outros.

Sen dúbida a gran repercusión económica que esta festa ten é de difícil cuantificación debido á multitude de sectores nos que indirectamente repercute.